

Helena Villar Janeiro recibe en Rianxo a Letra E

• Os actos terán lugar no paseo marítimo, onde se descubrirá un monolito

25 de junio de 2016. Actualizado a las 05:00 h.

Hoxe • Peirao de Sete Fogoas (Rianxo) • 11.30 horas • Naceu en Becerreá, pero desde hai anos pasa boa parte do seu tempo en Rianxo, de onde se considera veciña. Tanto é así que Helena Villar Janeiro elixiu o berce de Castelao para recoller a Letra E, o premio que outorga a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Os actos previstos arrancarán no paseo marítimo, onde se descubrirá un monolito e se plantará un loureiro. Están previstas as intervencións de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG; de Adolfo Muíños, alcalde de Rianxo; e da propia homenaxeada.

A comitiva desprazarase despois ao Cuartel Vello, onde se fará entrega do galardón, realizado polo artista Caxigueiro. Marica Campo será a encargada de pronunciar a laudatio. A xornada culminará no Pazo de Rianxiño, onde se desenvolverá un xantar de confraternidade.

TEMAS RELACIONADOS